

Bloque 1

UD2 ORIXE E NATUREZA DO SER HUMANO

1.- INTRODUCCIÓN

A antropoloxía é a ciencia social que estuda o SH de maneira integral en toda a súa pluridimensionalidade.



A antropoloxía parte de dous principios para explicar o comportamento humano:

- **Principio de unidade psíquica o principio unificador:** as capacidades psíquicas de todos os membros da especie son idénticas. Este principio combate o racismo por non científico.
- **Principio de diversidade cultural ou principio diferencial:** as diferencias no comportamento humano (excepto patoloxías que o poidan afectar) son culturais e froito da intensidade da estimulación recibida polos individuos. Ningunha cultura é superior a outra. A diversidade cultural é riqueza e axúdanos a interpretar como as influencias externas median no comportamento. Este principio combate o etnocentrismo, negandolle evidencia e credibilidade.

2.- A ORIXE DO SER HUMANO

Durante séculos o SH reflexiona sobre a súa orixe e evoluciona desde o creacionismo ata o evolucionismo. Ista é a evolución.

CREACIONISMO

Durante séculos foi mantida pola Igrexa Cristiá como un dogma ao que non se podía apelar por ser unha verdade revelada. É unha posición teleolóxica que pensa que:

- . todas as especies foron creadas por Deus co aspecto e forma que teñen na actualidade.
- . as especies non evolucionan. A evolución non existe.
- . o SH é a especie máis perfecta e a elixida por Deus como o cume da creación.
- . a creación responde a un “plan perfecto” de Deus onde todo ten un sentido e un obxectivo.
- . Deus non só creou ao mundo e ao SH senón que o cuida e atende; todo o que pasa sucede porque Deus quere e como el

	quere.
FIXISMO	É un pequeno movemento que xa non fala de creación pero para evitar enfrontamentos ca Igrexa, mantén: <ul style="list-style-type: none"> . que as especies non evolucionan. . que non hai conexión entre elas.
CARL VON LINNEO	Zoólogo británico que a 1ª clasificación de especies no s.XVIII e constata e rexistra- relacións evidentes entre as especies.
J.B LAMARCK TRANSFORMISMO	Naturalista francés do s.XIX. Propón a 1ª teoría evolucionista da historia. Propoñía que: <ul style="list-style-type: none"> - as especies máis simples apareceron por xeración espontánea - todas as especies tenden a mellorar, perfeccionarse e ser máis eficientes para sobrevivir - existen individuos máis eficientes co resto. Estes perpetúan xenericamente estas melloras na especie.

Finalmente **Charles Darwin** aportou a solución final: a **selección natural**.

En 1859 escribe *A orixe das especies*. Neste libro revolucionario, pon de manifesto tres principios:

- Tódalas especies veñen dunha especie anterior.
- Tódalas especies evolucionan.
- A evolución é adaptación ao medio.

Da súa teorías despréndese que:

- Os cambios nas especies prodúcense por azar.
- Non hai nin intencionalidade nin finalismo na evolución.
- A evolución prodúcese por azar.

A pesares da súa achega, a teoría de Darwin no consegue resolver algúns **problemas**:

- Como explicar as características especiais que aparecen en algúns membros da especie (Descoñece as **mutacións xenéticas**).
- Como explicar que eses cambios se transmitan ás xeracións futuras. (Descoñece as **Leis da herdanza de Mendel**).

3.- DOUS PROCESOS PARA ENTENDER A EVOLUCIÓN

3.1.- Hominización: Proceso biolóxico no que producíronse unha serie de modificacións anatómicas e fisiolóxicas que se transmitiron xenericamente e que deron paso á aparición do homo sapiens. As máis transcendentales son:

3.1.2.- Bipedestación. Produce:

- Liberación da man e transformación da man:
 - Deda oposta ao resto
 - Posibilidade de facer “a pinza”
 - Mellora da psicomotricidade fina
- Diferenciación/especialización de mans e pes. Transformación do pe:
 - Dedos máis curtos que agarran menos pero permiten camiñar mellor
 - Arqueo das plantas que soporta mellor o peso e dá máis equilibrio
- Curvatura da columna vertebral en forma de S que reparte mellor o peso e dá equilibrio
- Pelves máis ampla por enriba pero máis estreita e curta na base. Permite manter o peso do tronco e do cranio repartíndoo entre as dúas extremidades inferiores. Isto causará graves problemas no momento do parto.
- Modificación da columna no primeiro tramo (dentro do cranio): permite maior equilibrio para soste-la pesada cabeza e desaloxa espazo dentro do cranio que permitirá a encefalización.

POR QUE se producen estes cambios? Algunhas das teorías máis aceptadas din que:

- prodúcese un arrefriamento do planeta que fai escasear as plantas e froitos dos que se alimentaban os homínidos
- prodúcese o descenso das árbores de moitos homínidos que inician a vida na sabana. Nesta situación a **bipedestación** é fundamental para mellorar a visión.
- ao erguerse aparecen as transformacións de pes e mans e todos os outros citados para manter o equilibrio.

3.1.3.- Encefalización: aumento da capacidade cranial que permite o crecemento do cerebro. A capa de Córtex que é o cerebro máis moderno, crece e poren medra o número de neuronas e de conexións neurais.

3.1.2.- Atraso madurativo nas crías: froito do aumento do volume cranial, desfasado proporcionalmente ca especie e da pelves máis estreita e curta, obriga a adiantar o parto (as crías nacen prematuramente) e por tanto, inmaduras neuralmente. Iso obriga a alongar moito o período de coidado dos proxenitores co que créanse lazos afectivos moi fortes que duran toda a vida.

3.1.3.- Aparición da linguaxe: non só por teren máis capacidade neural e poder realizar procesos cognitivos máis complexos; tamén grazas ás transformacións físicas: padecidas. A bipedestación permite a inserción da columna no centro do cranio que permite unha larinxe máis alonxada do cranio e independente do sistema dixestivo. Tamén permite unha farinxe vertical que actúa, xunto con a boca, coma caixa de resonancia dos sons producido. O sapiens sapiens acada un rexistro fonético moi superior a outros homínidos. Isto unido á súa maior capacidade neural, permite a aparición dunha linguaxe complexa e simbólica.

3.1.4.- Descubrimento do lume:

- Os alimentos cociñados son máis brandos e de mellor mastigación. A especie deixa de precisar poderosas mandíbulas que sosteñan dentes capaces de arrancar e mastigar carne crúa. As mandíbulas fanse máis pequenas desaloxando tamén espazo dentro do cranio.

- Os alimentos cociñados conservasen máis tempo e en mellores condicións. Tamén permiten unha mellor dixestión, polo que os homínidos estarán mellor alimentados e menos intoxicados. Maior enerxía que permite alimentar mellor un cerebro en crecemento.

PREGUNTA:

- A maior capacidade cerebral produce a bipedestación que busca a liberación da man?
- Ou ao liberar a man faise posible a realización dunha serie de actividades que producen a encefalización?

3.2.- Humanización: é o proceso evolutivo cultural e tecnolóxico que transformou ao xénero Homo ata a aparición da especie actual, caracterizado polo desenvolvemento da intelixencia, a linguaxe, a conciencia e a cultura. Non son cambios físicos senón de comportamento. Aparecen por ensaio-erro segundo as novas necesidades que ían xurdindo, e son transmitidos de xeración en xeración por imitación non por transmisión xenética.

3.2.1.- Fabricación de ferramentas: non é unha actividade exclusivamente humana pero si que está moi perfeccionada na nosa especie e somos capaces de reter na memoria para mellorar (non empezamos de novo ante cada circunstancia). Require: encefalización + liberación/especialización da man.

3.2.2.- Consumo de carne: a liberación da man e o uso de ferramentas permite maior procura de alimentos e de maior calidade: incremento do consumo de carne (proteína de calidade) que axuda á encefalización.

3.2.3.- Control do lume: o lume foi alimento, abrigo e calor. Derredor del organizouse unha vida social que antes non existía: maior tempo xuntos, podíanse ver e recoñecerse, mellores nexos de afectividade, maior tempo de intercambio de mensaxes, maior necesidade de organización.

3.2.4.- Cambios no comportamento sexual: prodúcese a liberación do estro nas femias o que permite a elección libre da parella e do momento (non está supeditado a unha descarga hormonal). A afectividade xerada no grupo, produce un cambio de posición nas relacións sexuais que permite ver o rostro da túa parella e bicala. A partir deste momento:

- eliximos a quen nos gusta
- crease un vínculo con ela
- queda unido o sexo as mostras de afecto e agarimo

3.2.4.- Espiritualidade: aparece a espiritualidade ligada á aparición da autoconciencia. O aumento do cortex produce a capacidade de recoñecerse e de sentirse distinto aos demais. Os sapiens enterraban aos seus mortos, tiñan lugares sagrados e facían rituais. Seguramente crían en algunha outra vida máis aló da morte do corpo. Por tanto pensaban que non eran só corpo, que tiñan algunha especie de espírito ou alma, ou algo que transcendía a súa corrupción material.

4.- A PARTE SOCIAL DO SH

Cultura: conxunto de crenzas, coñecementos, manifestacións artísticas, leis, costumes, valores, actitudes e hábitos que un SH comparte cun grupo social e que o fai ser parte del. Como dixo Ortega, a cultura é a segunda matriz do SH.

- a primeira é a biolóxica que nos consolida fisicamente
- a segunda é a cultura na que nacemos e que consolídanos socialmente.

O SH non existe illado ou en abstracto. Somos produto dun tempo e dun espazo. A cultura é a **adaptación ao medio** o que nos permite sobrevivir no mundo que nos toque. O proceso de integrarse nunha cultura chámase **socialización**. Un individuo non-socializado será apartado da “escena pública” (non pode sobrevivir). Os **medios socializadores** son: a familia, escola, instituto, universidade, grupo de amigos, actividades varias, traballo, libros, internet, os “máis media”, etc

As culturas non son estáticas de feito evolucionan constantemente e interfíren as unhas nas outras. Pero a **interculturalidade** non significa aniquilación de unha delas pola outra; ou a visión de unha dende o pdv da dominante; por iso debemos falar de interculturalidade e non de multiculturalidade. Cada cultura é unha fiestra aberta ao mundo que ofrece un pdv único. Cando unha fiestra pecha nunca máis poderemos ver o mundo dende esa perspectiva.

No século XX o multiculturalismo chegou a case que a tódolos recunchos do planeta, pero a cultura dominante/referente seguía a ser a europea. O reto deste século é falar de interculturalidade. Ante a diversidade cultural podemos adoptar diferentes posicións:

Etnocentrismo	Relativismo
<p>Considera a cultura propia como superior ás demais</p> <p>Calquera valoración faise dende o PdV da propia</p> <p>Existe unha liña evolutiva única que coincide ca cultura propia.</p> <p>O resto de culturas responden a un nivel evolutivo inferior</p>	<p>Non hai un patrón para analizar culturas. De feito non deberíamos facelo.</p> <p>Cada cultura só ten sentido e pode entenderse dende o interior de esa culturais. Cada cultura é un sistema pechado. Non admite comparación algunha.</p> <p>Defende a comunicación e interacción entre culturas como un medio de enriquecemento</p> <p>Ningunha cultura é superior nin inferior a outra.</p>

Respectar as culturas non significa dar por válida calquera práctica só por que un grupo concreto a practique.

Existen límites para as practicas culturais

Son os VALORES UNIVERSAIS do ser humano.